

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 13.12.2019 Hora: 10:30



A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de decembro de 2019, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 54196 (10/POC-008569)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a opinión da Consellería de Cultura e Turismo respecto do achado dunha sauna da Idade do Ferro no contorno do castro da Atalaia, no concello de Cervo, o uso de maquinaria pesada nese espazo e os posibles danos causados, así como as razóns da demora e o prazo previsto para a súa escavación, estudo e protección
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.2 58578 (10/POC-009175)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións postas en marcha pola Consellería de Cultura e Turismo para impulsar o coñecemento e a protección das construcións con pedra seca, así como o desenvolvemento pola Axencia Turismo de Galicia dalgún proxecto para a súa divulgación e declaración como patrimonio inmaterial da humanidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019
- 1.3 58981 (10/POC-009213)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e 3 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para favorecer a existencia de patios escolares de recreo coeducativos e inclusivos para todo o alumnado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- 1.4 58989 (10/POC-009215)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura e Turismo referidas á recuperación do pazo de Dona Urraca, no barrio lucense da Tinería, así como sobre a situación na que se atopa o proxecto da Consellería respecto da recuperación da Casa-Torre, localizada nese barrio

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019

- 1.5 59101 (10/POC-009231)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre o balance do Goberno galego respecto da Cidade da Cultura de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- 1.6 59211 (10/POC-009248)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos problemas que presentan as bibliotecas públicas da cidade de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- 1.7 59244 (10/POC-009254)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o proceso de elaboración do novo Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais anunciado polo Goberno galego, as modificacións que introduce e os cambios que vai supoñer, especialmente para o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019
- Punto 2. Proposicións non de lei**
- 2.1 58726 (10/PNC-004680)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intoxicacións alimentarias e reaccións alérxicas rexistradas nos meses de outubro e novembro de 2019 na rede de escolas infantís Galiña Azul, así como en centros educativos de primaria e secundaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019



- 2.2 58997 (10/PNC-004698)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de
coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa
nalgún dos programas de desenvolvemento da Estratexia galega de linguas
estranxeiras 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 05/12/2019 13:03:04



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/12/2019 13:33:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 05/12/2019 13:33:11
Nº Rexistro: 18098
Data envío: 05/12/2019 13:33:11.087

CSV: REXISTROMadDCodK6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Antonio Mouriño Villar	P
Vicepresidenta	
Teresa Egerique Mosquera	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	GCE

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 54196(10/POC-008569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión da Consellería de Cultura e Turismo respecto do achado dunha sauna da Idade do Ferro no contorno do castro da Atalaia, no concello de Cervo, o uso de maquinaria pesada nese espazo e os posibles danos causados, así como as razóns da demora e o prazo previsto para a súa escavación, estudo e protección

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 13:11:09
Nº Rexistro: 54196
Data envío: 27/08/2019 13:11:09.849

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o achado dunha excepcional sauna da Idade do Ferro no Concello de Cervo (A Mariña) e as medidas que ten previstas a Xunta de Galiza para a súa escavación, estudo e protección.

En maio de 2019 o desenvolvemento dunhas obras na contorna do castro da Atalaia, no Concello de Cervo (A Mariña), deixaron ao descuberto os restos arqueolóxicos dunha posible sauna da Idade de Ferro.

O achado foi considerado polo arqueólogo que realizou o control de obra, polo alcalde de Cervo e pola asociación Mariña Patrimonio como unha auténtica xoia da arqueoloxía así como un dos achados arqueolóxicos máis importantes de Galiza nos últimos anos.

Porén, malia o seu inmenso valor histórico, arqueolóxico e patrimonial, a Consellaría de Cultura decidiu no mes de xullo tapar os restos sen avanzar na súa escavación nin tampouco completar o seu estudo máis alá dunha observación preliminar e absolutamente superficial, e continuar coas obras de carácter municipal

Apenas uns días despois de iniciar o soterramento da sauna, o colectivo Mariña Patrimonio denunciou publicamente o uso de maquinaria pesada –concretamente unha

CSM-REXISTROCOMPROBABLE
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 13:11:09
Nº Rexistro: 54196
Data envío: 27/08/2019 13:11:09.849

apisoadora-- sobre a estrutura da sauna da Atalaia o que podería ter danado a estrutura da mesma.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos absolutamente inaceptábel o uso de maquinaria que poida pór en risco a conservación de calquera ben arqueolóxico, máis aínda dun de carácter tan excepcional como a devandita sauna.

Cómpre lembrar que todas as administracións teñen obriga de salvagardar e protexer o patrimonio cultural de Galiza de acordo coa Lei 5/2016, así as cousas, a Xunta de Galiza ten competencias exclusivas na materia e calquera intervención que se leve a cabo nun ben catalogado ou na súa contorna debe ser autorizado previamente pola Dirección Xeral de Patrimonio. Semella, pois, difícil de crer que a Xunta non fose coñecedora das obras que o Concello de Cervo está a desenvolver na Atalaia e o uso deste tipo de maquinaria para as levar a cabo o que torna o Goberno galego, cando menos, en cómplice ou consentidor dos posíbeis danos que tivese sufrido o ben.

Porén, para o BNG ao igual que outros colectivos en defensa do patrimonio cultural do noso país, resulta inadmisíbel que un achado destas características sexa soterrado sen ter realizado previamente un estudo arqueolóxico pormenorizado que permita coñecer o seu valor e alcance mesmo tratándose, como é o caso, dun emprazamento complexo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta na Comisión

4ª:

CSX: REXISTROhmPQrygJ6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 13:11:09
Nº Rexistro: 54196
Data envío: 27/08/2019 13:11:09.849

- Coincide a Consellaría de Cultura co expresado publicamente polo Alcalde de Cervo e polo arqueólogo que dirixiu o control arqueolóxico ao considerar a sauna da Atalaia como un achado excepcional e unha xoia da arqueoloxía?
- Considera a Consellaría de Cultura unha práctica recomendable e compatible coa conservación do patrimonio o paso de apisoadoras sobre un ben patrimonial?
- Comprobou a Consellaría de Cultura, antes ou despois do paso da apisoadora pola sauna, o grosor da camada de áridos que protexían as estruturas da sauna?
- Sabe a Consellaría que a capa de area que “protexía” as estruturas da sauna dos efectos dunha apisoadora só era de 10cm nalgunhas zonas?
- Autorizou a Consellaría de Cultura o uso da apisoadora neste espazo?
- Por que razón non desenvolveu a Xunta de Galiza unha escavación e un estudo arqueolóxico pormenorizado deste importante achado cando estaba aberto e antes de pavimentar de novo a rúa ?
- Existe algún informe técnico que desaconselle a realización de escavacións na zona da sauna situada preto dunha vivenda?
- Cando ten pensado a Xunta de Galiza escavar e estudar a sauna da Atalaia?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2019

CSX4 REXISTRO0hmP0nygjb
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2019 13:11:09
Nº Rexistro: 54196
Data envío: 27/08/2019 13:11:09.849

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2019 13:08:30

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2019 13:08:45

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2019 13:08:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2019 13:09:05

María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2019 13:09:13

Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2019 13:09:20



CSV: REXISTROhmPQnygjb

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 58578(10/POC-009175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións postas en marcha pola Consellería de Cultura e Turismo para impulsar o coñecemento e a protección das construcións con pedra seca, así como o desenvolvemento pola Axencia Turismo de Galicia dalgún proxecto para a súa divulgación e declaración como patrimonio inmaterial da humanidade

Publicación da iniciativa, 560, 13.11.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58578
Data envío: 07/11/2019 15:49:20.309

Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Fai un ano foi declarada Patrimonio Inmaterial da Humanidade a arquitectura tradicional en pedra seca.

Esta técnica arquitectónica está presente en amplos territorios de Galicia, sendo especialmente relevante nas comarcas de Pontevedra, Terra de Montes, Deza, Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas, Fisterra, a Terra Chá e a Ribeira Sacra e inclúe construcións moi variadas, alvarizas, fornos de cal, sequeiros de castañas, muíños fariñeiros, cabanas agrícolas, pombeiros, hórreos, pendellos, foxos do lobo, socialcos, valados ou vivendas antigas.

Ante esta declaración, que segundo o Conselleiro de cultura “supón unha nova oportunidade de crecemento sostible de Galicia e servirá para valorizar nosa paisaxe e legado inmaterial”, fixéronse publicas varias iniciativas para poñer en valor a pedra seca e aumentar o seu coñecemento.

Así o conselleiro afirmou que neste ano 2019 se realizaría un censo dos elementos máis representativos da pedra seca galega, xeolocalizándoos e identificándoos segundo a súa tipoloxía construtiva. Ademais, explicou que está previsto o deseño dunha aplicación móbil a través da que se poida acceder á información máis relevante sobre esta técnica e os exemplos destacados que podemos atopar en Galicia realizados en pedra seca.

Así mesmo a través da Axencia Turismo de Galicia, prevíase levar adiante unha orde de axudas para a rehabilitación de elementos patrimoniais etnográficos, na que se valoraría positivamente o feito de que o ben en cuestión estea construído coa técnica da pedra seca e contase cunha proposta de actuación realizada con criterios de calidade e acometida por profesionais cualificados.

A Consellería tamén estudaba a posibilidade de ditar instrucións, recomendacións e suxestións para os interesados no seu uso e conservación e

CSM-REXISTROZIJPKev16
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58578
Data envío: 07/11/2019 15:49:20.309

propietarios de bens construídos con esta técnica, así como fomentar a pedra seca a través de programas e proxectos.

Dada a importancia desta declaración como Patrimonio Inmaterial e as consecuencias beneficiosas para Galicia é necesario que a Consellería de Cultura e Turismo leve a cabo iniciativas de protección, difusión e posta en valor, pero non parece que neste ano, a pesares das declaracións iniciais fixera nada importante a este respecto.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que accións puxo en marcha a Consellería de Cultura e Turismo para impulsar o coñecemento e protección das construcións con pedra seca?
- 2.^a) Elaborou un censo dos elementos mais representativos da pedra seca? Están xeolocalizados?
- 3.^a) Fíxose unha aplicación móbil para coñecelos e ter información?
- 4.^a) Se outorgou algunha axuda para a rehabilitación ou mantemento de algunha construción feita con esta técnica da pedra seca?
- 5.^a) Se publicaron instrucións ou recomendacións para a súa rehabilitación e mantemento?
- 6.^a) Puxo en marcha a Axencia de Turismo algún proxecto de calquera tipo para dar a coñecer estas construcións e a declaración de Patrimonio Inmaterial da Humanidade de maneira que poda converterse nun activo mais da nosa oferta turística e cultural?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Manuel Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/11/2019 15:46:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2019 16:30:00
Nº Registro: 58578
Data envío: 07/11/2019 15:49:20.309

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/11/2019 15:46:45



CSV REGISTROZHPKev6

Verificar

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 58981(10/POC-009213)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para favorecer a existencia de patios escolares de recreo coeducativos e inclusivos para todo o alumnado

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58981
Data envío: 18/11/2019 19:43:55.778

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quintero Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral na Comisión 4.^a**, relativa aos patios de recreo inclusivos e coeducativos.

Partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, é imprescindible reforzar o papel das mesmas e do profesorado a prol da igualdade. Neste senso, a escola debe converterse no principal axente a prol da igualdade, espazo no que se combatan os estereotipos e roles que fomentan a desigualdade de xénero, e no que se traballe no respecto e inclusión da diversidade.

Malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos de educación en igualdade, resultan insuficientes, esporádicos e moitas veces dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas.

Un dos aspectos de desigualdade sobre os que se ten reflexionado nos últimos tempos é o que afecta ao uso dos espazos. Neste senso, unha escola verdadeiramente inclusiva e igualitaria require que os espazos, servizos, procesos, materiais e produtos podan ser utilizados por todo o alumnado sen ningún tipo de discriminación e se incorporen as condicións que aseguren a accesibilidade física, cognitiva, sensorial e emocional.

Se falamos dos patios educativos e de recreo, lugar na que as nenas e nenos pasan, de media, unhas 525 horas ao ano, é evidente que o espazo central está

CSM-REXISTRO-FRM-FH-HS-BM-5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 58981
Data envío: 18/11/2019 19:43:55.778

ocupado, maioritariamente, polos campos de xogos de pelota, nos que se concentran, maioritariamente, os nenos, deixando ás nenas arrinconadas en lugares secundarios.

Para reequilibrar estes usos diferenciados, están xurdindo diversas iniciativas consistentes na redistribución de zonas nos patios, diferenciando contornas e democratizando o espazo. Deste xeito, en determinados proxectos resérvase unha zona para xogos de pelota, pero tamén outras para outros usos; habílanse zonas verdes e hortos educativos; píntanse no chan 'taboleiros' para xogos tradicionais como a mariola, o tres en raia, as carreiras de chapas, o fútbol con chapas, o twister... convertendo o patio nun lugar de lecer pero tamén de aprendizaxe, a través de xogos inclusivos e non excluíntes.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

- Vai tomar algunha medida o Goberno galego para favorecer a existencia de patios coeducativos e inclusivos para todas as nenas e nenos?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quintero Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.



CSV REXISTRO: R0BHHYHSBm65

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 09:30:00
Nº Registro: 58981
Data envío: 18/11/2019 19:43:55.778

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 18/11/2019 19:40:12

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/11/2019 19:40:26

Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2019 19:40:37

Marcos Cal Ogando na data 18/11/2019 19:40:47



CSV REGISTRO DE HECHOS
Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 58989(10/POC-009215)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura e Turismo referidas á recuperación do pazo de Dona Urraca, no barrio lucense da Tinería, así como sobre a situación na que se atopa o proxecto da Consellería respecto da recuperación da Casa-Torre, localizada nese barrio

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, Sandra Vázquez Domínguez, Jaime Castiñeira Broz e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O Goberno galego vén de intensificar durante o mandato do Partido Popular as obras de rehabilitación e recuperación do barrio da Tinería, en pleno casco histórico da cidade de Lugo.

Esta iniciativa supón unha importante aposta pola recuperación dun barrio emblemático da cidade, que ganará novos espazos residenciais, máis vivendas de promoción pública e locais comerciais.

Trátase de continuar co labor de recuperación e posta en valor desta zona antiga, impulsando a rehabilitación integral e a promoción da actividade económica para que na Tinería residan novas familias e se asenten negocios.

De xeito paralelo o Goberno galego aposta pola conservación e protección do noso patrimonio e pola revitalización deste conxunto histórico, e con este obxecto asinou os correspondentes convenios para actuar sobre a Casa-Torre, na rúa Rinconada do Miño, e no pazo de dona Urraca.

Por todo isto, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas:

- 1- Cales son as previsións da Consellería de Cultura e Turismo respecto da recuperación do Pazo de Doña Urraca, no barrio lucense da Tinería?
- 2- Cal é a situación na que se atopa o proxecto da Consellería de Cultura e Turismo respecto da recuperación da Casa Torre, emprazada neste mesmo barrio?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 19/11/2019 10:16:24
Nº Rexistro: 58989
Data envío: 19/11/2019 10:16:24.943

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/11/2019 10:05:44

Maria Antón Vilasánchez na data 19/11/2019 10:06:05

Teresa Egerique Mosquera na data 19/11/2019 10:06:19

Carlos Gómez Salgado na data 19/11/2019 10:06:37

Antonio Mouriño Villar na data 19/11/2019 10:06:50

María Isabel Novo Fariña na data 19/11/2019 10:07:06

Sandra Vázquez Domínguez na data 19/11/2019 10:07:18

Jaime Castiñeira Broz na data 19/11/2019 10:07:40

Martín Fernández Prado na data 19/11/2019 10:08:02



CSV, REGISTRO1aY0bDz9

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 59101(10/POC-009231)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto da Cidade da
Cultura de Galicia

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Sandra Vázquez Domínguez, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouríño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Cidade da Cultura de Galicia cumprirá 10 nos da súa inauguración en xaneiro de 2021, coincidindo co inicio do Ano Santo.

Efectivamente, o 11 de xaneiro de 2011 poñíase en funcionamento o arquivo e a biblioteca da Cidade da Cultura, despois de 10 anos de intenso traballo, non exento de debates e posicionamentos encontrados.

A partir de aquí, o proxecto da Cidade da Cultura tamén estivo afectado pola crise económica que obrigou, por unha banda, a unha ralentización das obras e mesmo a súa paralización e, por outra banda obrigou a cambios de uso dos edificios en aras de facer rendibles os investimentos públicos.

Non será ata esta última lexislatura cando a CdC colla un novo pulo, un impulso necesario e importante tanto para rematar o proxecto como para deseñar contidos e actividades deste gran complexo.

E agora estamos na recta final e previsiblemente, no inicio do Xacobeo 2021 a Cidade da Cultura estará rematada desde o punto de vista construtivo abrindo unha nova etapa xa que, a partir de aí, será o aspecto funcional e competencial o que rexa as actividades e relacións na Cidade da Cultura de Galicia.

O programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concorreu ás eleccións autonómicas de 2016 recollía o seguinte compromiso: “*Converteremos a Cidade da Cultura nun lugar de encontro cultural e referente en tecnoloxía*”, enunciando diversas medidas para acadar este obxectivo.





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2019 09:45:22
Nº Registro: 59101
Data envío: 20/11/2019 09:45:22.826**

Por todo iso os deputados e as deputadas do Partido Popular formulamos a seguinte pregunta.

-Cal é o balance do goberno galego sobre a Cidade da Cultura de Galicia ?

Santiago de compostela, 20 novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 20/11/2019 09:43:08

Teresa Egerique Mosquera na data 20/11/2019 09:43:20

Sandra Vázquez Domínguez na data 20/11/2019 09:43:31

Carlos Gómez Salgado na data 20/11/2019 09:43:55

María Isabel Novo Fariña na data 20/11/2019 09:44:07

Antonio Mouriño Villar na data 20/11/2019 09:44:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/11/2019 09:44:33



CSV: REXISTRO0102019FD9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 59211(10/POC-009248)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos problemas que presentan as bibliotecas públicas da cidade de Ourense

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59211
Data envío: 21/11/2019 14:19:35.017

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, en relación ás bibliotecas públicas da cidade de Ourense.

O estudantado da cidade de Ourense carece de espazos públicos de estudo de calidade. A biblioteca Rosalía de Castro atópase colapsada, dando servizo a toda unha cidade. Sendo visitada non só polo alumnado dos estudos que se imparten no Campus, senón que, debido á precariedade na que se atopa a biblioteca da rúa Concello, vese obrigada a acoller tamén nas súas instalacións ao estudantado de Educación Secundaria e persoas que están preparando oposicións.

Un servizo de espazos de estudos público que conta con numerosas eivas. Destacando os seus límites horarios. Deste xeito, calquera estudante da cidade que queira traballar ou estudar durante a fin de semana verase obrigado a facelo nun espazo privado. Situación que complica a garantía de acceso a determinados recursos (libros, conexión a internet, servizo de fotocopias...) para poder levar a cabo a tarefa de aprendizaxe nunhas condicións dignas. Dándose agravios tan preocupantes como o do estudantado de informática do Campus de Ourense, que debe facer determinados exercicios que só se poden realizar mediante a conexión á rede da universidade e que ven reducido o prazo de realización dos mesmos a cinco días da semana por carecer deste servizo os sábados e domingos.

Mais a problemática dos horarios non remata aí. Este novo curso non poden darse situacións tan lamentables como as que aconteceron no pasado ano académico

CSM-REXISTRO7wNzKjF8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59211
Data envío: 21/11/2019 14:19:35.017

cando a biblioteca Rosalía de Castro permaneceu pechada algúns días durante as vacacións de nadal, en pleno período de exames.

En decembro concluirá o traslado da biblioteca da rúa Concello ás novas instalacións en San Francisco, erguéndose, deste xeito, unha oportunidade para poder superar os problemas actuais que ten a actual biblioteca municipal. Decembro preséntase, así, como unha porta aberta para mudar o estado das bibliotecas públicas.

Non é de recibo que a cultura teña que loitar pola súa supervivencia como está acontecendo. A Xunta e o concello deben elixir que modelo de cidade queren para Ourense.

Do mesmo xeito, a Universidade de Vigo, cando remate este ano, en decembro, e se achegue o período de vacacións, debería optar por dar solucións aos problemas que aconteceron no pasado curso. Nas súas mans está o camiño cara a construción dun Campus que leve por bandeira gozar dun bo servizo de espazos de estudos todos os días do ano.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Vai a Xunta abrir ou mediar para que se abran as fins de semana as bibliotecas públicas da cidade de Ourense e acabar así con esta problemática?
- Van ampliar os horarios durante o período de exames adaptándoos á realidade dos estudos que se imparten?
- Contemplan aumentar os horarios en período vacacional?
- Poden garantir a oferta de todos os servizos?
- Consideran importante mellorar os recursos tecnolóxicos de impresión e control de aforo?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59211
Data envío: 21/11/2019 14:19:35.017

- Ven necesario aumentar o persoal?
- Subscribiran a elaboración dun convenio coa Universidade de Vigo (Campus Ourense) coa fin de solucionar a carencia de espazos de estudo?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/11/2019 14:07:56

Luca Chao Pérez na data 21/11/2019 14:08:10



CSX:REXISTRO7WNZNIJF8

Votación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 59244(10/POC-009254)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o proceso de elaboración do novo Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais anunciado polo Goberno galego, as modificacións que introduce e os cambios que vai supoñer, especialmente para o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 17:24:50
Nº Rexistro: 59244
Data envío: 21/11/2019 17:24:50.607

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o novo Estatuto da AGADIC anunciado pola Xunta de Galiza no Parlamento e o futuro do Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 20 de novembro, en resposta a unha pregunta formulada polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Román Rodríguez, anunciou a elaboración e aprobación dun novo Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Segundo a Consellaría de Cultura e Turismo, o novo texto creará unha xerencia e un departamento de danza así como a integración do CGAI na estrutura da AGADIC.

O anuncio causou certa perplexidade no grupo nacionalista pois nunca antes a Consellaría, nin ningún outro departamento da Xunta de Galiza, achegara información algunha de que estaban a traballar niso.

Tampouco os sectores culturais (desde o teatro, á música pasando polo audiovisual), tiñan coñecemento algún desta mudanza que, por suposto, non foi

CSM-REXISTROdeGalicia
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
RÉXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 17:24:50
Nº Rexistro: 59244
Data envío: 21/11/2019 17:24:50.607

negociada nin consensuada coas súas correspondentes organizacións e entidades profesionais.

De igual maneira na Estratexia da Cultura Galega 21 que a propia Xunta de Galiza deseñou como “folla de ruta” para as políticas culturais do país nos vindeiros anos, aparece en ningún momento tal reforma.

Para o Bloque Nacionalista Galego este anuncio parece máis unha nova ocorrencia da Consellaría cuxo obxectivo é tentar amortecer a súa incapacidade e incompetencia en materia cultural así como o progresivo desmantelamento que se ten producido de insignes institucións como o Centro Dramático Galego ou o Coreográfico.

Por todo o exposto con anterioridade fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Con que entidades, colectivos, organizacións, axentes e/ou persoas negociou a Xunta de Galiza a reforma do Estatuto da AGADIC?
- Que reformas inclúe en relación ao aprobado en 2012?
- Que mudanzas suporá na xestión e nas políticas que vén desenvolvendo a Axencia até o momento?
- E para os centros de produción que dela dependen, nomeadamente o CDG e o CCG?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

CSX4_RFXISTFROKerx6dmv8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 17:24:50
Nº Registro: 59244
Data envío: 21/11/2019 17:24:50.607

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:19:40

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:19:50

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:19:55

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:20:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:20:11

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:20:18



CSV: FEXYSTROKer5x6amV8

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 58726(10/PNC-004680)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intoxicacións alimentarias e reaccións alérxicas rexistradas nos meses de outubro e novembro de 2019 na rede de escolas infantís Galiña Azul, así como en centros educativos de primaria e secundaria

Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Vero** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro e novembro de 2019 producíronse varias intoxicacións alimentarias e reaccións alérxicas en crianzas da rede de escolas infantís da Xunta, con menús diferentes, que tiñan en común o abastecemento centralizado dos alimentos por parte da mesma empresa. Ademais, tamén se produciron intoxicacións en centros educativos de primaria e secundaria.

Da cociña e xestión de compras de alimentos de todas as escolas afectadas se encarga a mesma empresa.

A Xunta optou por suspender o abastecemento centralizado de alimentos e utensilios de cociña e obrigar á empresa ao abastecemento local destes produtos namentres investiga as intoxicacións.

O comedor escolar é un espazo educativo, que permite avanzar na educación nutricional das crianzas e fomentar hábitos de vida saudables.

O abastecemento local de alimentos ten impactos positivos nas economías locais e menor pegada de carbono que o abastecemento centralizado por parte de empresas que xestionen diversas cociñas.

Asemade, a relación da compra local de alimentos, nos colexios do medio rural, favorece o desenvolvemento de proxectos produtivos agrogandeiros sostibles nestas comarcas.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58726
Data envío: 11/11/2019 16:23:39.842

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Asumir a xestión directa de todos os comedores escolares e das escolas infantís da rede Galiña Azul.
2. Abastecer todos os comedores escolares de Galiza con produtos, preferentemente, locais e tendo en conta a estacionalidade.
3. Aumentar o control sanitario e nutricional sobre a alimentación escolar en Galiza, implantando hábitos que reduzan a obesidade e sobrepeso na infancia.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Vero na data 11/11/2019 16:22:53

Luis Villares Naveira na data 11/11/2019 16:23:04



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 13.12.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 58997(10/PNC-004698)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas de desenvolvemento da Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020

Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Xunta de Galicia anunciou, no ano 2017, a posta en marcha da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 que, segundo se enuncia, ten como finalidade o teórico modelo plurilingüe do que parece que temos implantado con grande éxito en Galicia ás etapas de educación infantil e formación profesional, ademais do ensino universitario.

Desde o curso 2017/18 publicáronse anualmente as convocatorias pertinentes, que no caso deste curso, son as seguintes:

1. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurininfantil) para o curso 2019/20.
2. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novos centros docentes á Rede de Centros Plurilingües de Galicia para o curso 2019-2020.
3. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2019-2020.
4. Resolución do 13 de maio de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) para o curso 2019-2020.

Todas as resolucións citadas teñen como obxectivo incorporar centros ás ensinanzas impartidas en linguas estranxeiras.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 11:15:44
Nº Rexistro: 58997
Data envío: 19/11/2019 11:15:44.372

Así, no caso do programa Plurinfantil, o obxectivo é a incorporación de centros que xa teñen a denominación de plurilingües na etapa de educación primaria para que impartan ata un máximo dun terzo do horario nunha lingua estranxeira.

O bacharelato de especialización curricular en idiomas (PluriBach) ten como finalidade promover no alumnado unha preparación máis profunda e especializada no idioma obxecto do programa, así como un achegamento máis específico ás diferentes materias que compoñen o currículo.

Para o programa Estrela PluriFP, é suficiente que o centro oferte algún módulo dalgún ciclo formativo tanto no primeiro como no segundo curso, non sendo necesaria unha porcentaxe mínima.

Estamos a referirnos, evidentemente, só ao que ás ensinanzas en lingua estranxeira se determina e non ao resto das condicións, nomeadamente a capacitación do profesorado.

Os resultados da resposta acadada para estes programas pódese cualificar de moi modesta sendo benévolos ou de altamente decepcionante sendo obxectivos.

Por outro lado, o informe do Ministerio de Educación e Formación Profesional *Datos y cifras Curso escolar 2019/2020* ao analizar a porcentaxe de alumnado que participa en experiencias de utilización de linguas estranxeiras como lingua de ensino (correspondente ao curso 2017-2018) establece dúas categorías:

1. *Aprendizaxe integrada de contidos e lingua estranxeira*, que se refire á oferta de programas que garanten a súa impartición, polo menos, en todos os cursos de cada unha das etapas da educación obrigatoria (Primaria e/ou ESO) e que tamén pode abarcar segundo ciclo de E. Infantil e/ou o ensino post-obrigatorio.
2. *Outras experiencias*, que se refire a aquelas experiencias que afondan no coñecemento dunha lingua estranxeira, que inclúen a súa utilización como lingua de ensino para unha ou máis áreas ou materias, diferentes da propia lingua estranxeira. Estas experiencias non adoitan estar orientadas á súa continuidade en cada un dos cursos das etapas obrigatorias, e mesmo, ás veces poden estar condicionadas á dispoñibilidade no centro de profesorado que poida participar nelas.

Pois ben, no primeiro grupo a Comunidade Autónoma de Galicia sitúase 11 puntos por debaixo da media do Estado na Educación Secundaria Obrigatoria e no segundo grupo, 13 puntos por enriba da media no caso da Educación Primaria e 8 puntos no caso da Educación Secundaria Obrigatoria, o que dá boa mostra da





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2019 11:15:44
Nº Rexistro: 58997
Data envío: 19/11/2019 11:15:44.372

modalidade pola que aposta a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Paralelamente, escoitamos con frecuencia referencias á mellora das competencias lingüísticas do alumnado e algunhas cifras que cuantifican a dita mellora e que supoñemos sustentadas nalgún tipo de avaliación. Resulta obvio que algunha mellora se debe experimentar xa que, polo contrario, conduciría a unha situación absurda.

Aínda así, parece necesario coñecer os criterios empregados para avaliar esa mellora, o que resulta obvio nas políticas públicas: eficiencia, equidade e transparencia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a poñer en funcionamento, de xeito inmediato, as avaliacións pertinentes que permitan coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos múltiples programas que desenvolven a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 e que veñen funcionando nos últimos cursos, dando información pública sobre os resultados desas avaliacións.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2019 11:06:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2019 11:07:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2019 11:07:40

CSV REXISTROD-coordIES
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

